



Folla de sala / Galego

PALEOLÍTICO INFERIOR e MEDIO

9-1

O que coñecemos de Paleolítico Inferior e Medio na Provincia de Lugo procede de achados casuais en superficie, nas cuncas dos grandes ríos e do mar.

Os bifaces expostos na vitrina proceden de Silvarrei, nas proximidades da capital, e do xacemento de Louselas no termo municipal de Ribadeo. Nas terrazas cuaternarias do Río Cabe, ao seu paso polo Concello de Sober, atopouse outro biface, hoxe en paradoiro descoñecido.

Sabemos pouco de cales foron as condicións climáticas, a flora e a fauna asociadas a estas industrias do Cuaternario na provincia. Polas investigacións desenvolvidas en outras rexións constatamos que hai una sucesión de cambios climáticos nos que se producen variacións de temperatura e do réxime de precipitacións causando elevacións e descenso dos niveis dos ríos e do mar, efectos que se poden comprobar na nosa área, por exemplo, nos depósitos de sedimentos fluviais e mariños das trincheiras da estrada costeira entre Foz e Burela e nas marxes do río Cabe, no sur da provincia.

O tipo de vexetación estaría en relación co período climático; nos períodos de temperatura elevada habería una densa vexetación arbórea, mentres que nos fríos a vexetación sería esteparia.



PALEOLÍTICO SUPERIOR e EPIPALEOLÍTICO

Para estes grandes períodos a información que temos é mais completa. Os materiais expostos proceden de abrigos rochosos da zona de Vilalba, Muras e Xermade e os materiais óseos de covas como A Valiña e Castroverde.

A industria lítica está composta por raspadores, lascas, follas, folliñas, burís, puntas,...etc. feitas con cristal de rocha, sílex e cuarzo procedentes da comarca. A súa tipoloxía é semellante ás industrias dos xacementos do Magdaleniense e Aziliense da franxa Astur-Cántabra.

A industria ósea –puntas de azagaia e perforadores– é parecida á dos períodos e zonas antes citadas.

Cando se publiquen os resultados definitivos das investigacións feitas nos últimos anos na provincia de Lugo, poderemos coñecer o clima nesas épocas. Polos datos actuais sabemos que hai períodos de clima cálido con presenza de vexetación arbórea –abeleiras, piñeiros...– que alternan con outros de clima frío rigoroso con vexetación de estepa. Cara ao ano 8.000 a.C. aparecen os primeiros carballos que se van estendendo progresivamente a medida que se produce una regresión do piñeiro.

En canto á fauna, aínda que non podemos precisar a cronoloxía absoluta, sabemos da presenza de cervos, alces, bisontes, osos, cabalos, xabaríns, coellos, lebres e lobos.



Hoja de sala / Castellano

PALEOLÍTICO INFERIOR y MEDIO

9-1

O que coñecemos de Paleolítico Inferior e Medio na Provincia de Lugo procede de achados casuais en superficie, nas cuncas dos grandes ríos e do mar.

Os bifaces expostos na vitrina proceden de Silvarrei, nas proximidades da capital, e do xacemento de Louselas no termo municipal de Ribadeo. Nas terrazas cuaternarias do Río Cabe, ao seu paso polo Concello de Sober, atopouse outro biface, hoxe en paradiro descoñecido.

Sabemos pouco de cales foron as condicións climáticas, a flora e a fauna asociadas a estas industrias do Cuaternario na provincia. Polas investigación desenvolvidas en outras rexións constatamos que hai una sucesión de cambios climáticos nos que se producen variacións de temperatura e do réxime de precipitacións causando elevacións e descenso dos niveis dos ríos e do mar, efectos que se poden comprobar na nosa área, por exemplo, nos depósitos de sedimentos fluviais e mariños das trincheiras da estrada costeira entre Foz e Burela e nas marxes do río Cabe, no sur da provincia.

O tipo de vexetación estaría en relación co período climático; nos períodos de temperatura elevada habería una densa vexetación arbórea, mentres que nos fríos a vexetación sería esteparia.



PALEOLÍTICO SUPERIOR y EPIPALEOLÍTICO

Para estes grandes períodos a información que temos é mais completa. Os materiais expostos proceden de abrigos rochosos da zona de Vilalba, Muras e Xermade e os materiais óseos de covas como A Valiña e Castroverde.

A industria lítica está composta por raspadores, lascas, follas, folliñas, burís, puntas,...etc. feitas con cristal de rocha, sílex e cuarzo procedentes da comarca. A súa tipoloxía é semellante ás industrias dos xacementos do Magdaleniense e Aziliense da franxa Astur-Cántabra.

A industria ósea –puntas de azagaia e perforadores– é parecida á dos periodos e zonas antes citadas.

Cando se publiquen os resultados definitivos das investigación feitas nos últimos anos na provincia de Lugo, poderemos coñece-lo clima nesas épocas. Polos datos actuais sabemos que hai periodos de clima cálido con presenza de vexetación arbórea –abeleiras, piñeiros...– que alternan con outros de clima frío rigoroso con vexetación de estepa. Cara ao ano 8.000 a.C. aparecen os primeiros carballos que se van estendendo progresivamente a medida que se produce una regresión do piñeiro.

En canto á fauna, aínda que non podemos precisa-la cronoloxía absoluta, sabemos da presenza de cervos, alces, bisontes, osos, cabalos, xabaríns, coellos, lebres e lobos.